

SensiSOS II: creando alianzas antirracistas a través da sensibilización de profesionais do traballo de defensa dos dereitos humanos das persoas migrantes

- **Duración total:** 10 horas (2 sesións de 5 horas cada una con pausas incluídas).
- **Datas:** 6 e 7 de novembro.
- **Horarios:** de 09:00h a 14:00h
- **Lugar:** Santiago de Compostela, **Escola Galega de Administración Pública (EGAP)** [Rúa de Madrid, 2, 15707 Santiago de Compostela, A Coruña](#)

Obxectivos do obradoiro

- Analizar criticamente o racismo estrutural e institucional no contexto galego e estatal.
- Explorar e construír conxuntamente ferramentas e/ou estratexias concretas para unha intervención socioeducativa antirracista.
- Promover espazos de coidado e análise compartida desde unha metodoloxía vivencial e socioafectiva.

Contidos

- Introducción ao racismo e á colonialidade.
- Racismo no ámbito socioeducativo.
- Privilexios e relacións de poder.
- Racismo institucional e control social.
- Estratexias prácticas de intervención antirracista.

Metodoloxía

Empregaremos unha metodoloxía vivencial, crítica e participativa, combinando:

- Dinámicas grupais e creativas.
- Análise de casos reais.

- Reflexión colectiva.
- Activación do coñecemento propio e intercambio horizontal.

A proposta parte dunha mirada acolledora, que permita recoñecer desigualdades, nomear privilexios e construír colectivamente ferramentas aplicables aos contextos laborais e vitais das participantes.

Inclúe avaliación final de coñecementos e entrega de materiais complementarios.

Persoas destinatarias e inscricións

- Educadoras/es sociais
- Técnicas/os de entidades sociais
- Persoas activistas ou profesionais interesadas na xustiza social e os dereitos humanos

Número mínimo de participantes:

- 9 persoas asistentes – **máximo: 22**

Inscrición:

- A través de formulario Google Forms:

<https://forms.gle/sUCrv9Y2mZhNRdaP6>

Organiza:

- Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (Ceesg).
- Federación Sos Racismo Galicia.

Docente:

Angelly Ferreiro Silva

Ola! Son Angy (ou Angelly), Educadora Social cun enfoque especializado en antirracismo e decolonialidade. A miña paixón radica na promoción da equidade de oportunidades e na construción de comunidades máis reparadoras e xustas. Cunha sólida experiencia no deseño e implementación de accións socio-educativas, dedícome a abordar temas como o discurso de odio, o racismo e a gordofobia.

A miña labor enfócase no desenvolvemento de estratexias educativas baseadas en metodoloxías participativas e socioafectivas, buscando fomentar a reflexión crítica, a conciencia social e a acción transformadora tanto en individuos como en comunidades. Recoñezo a importancia dun enfoque decolonial, entendendo que a discriminación e a exclusión histórica son interseccionais e afectan profundamente a vida das persoas.

Como experta en dinamización grupal, liderei numerosos obradoiros e capacitacións para máis de 300 persoas ao longo destes anos, adaptando as metodoloxías a diversas audiencias e contextos.

Con máis de cinco anos de experiencia impartindo obradoiros tanto para adolescencias como para persoas adultas, tamén fun co-fundadora do colectivo antirracista e decolonial Resistencia en Terra Allea e formei parte da coordinación da Casa Comunitaria Aluandê, o primeiro espazo antirracista, afrocentrado, decolonial e transinclusivo de Galicia.

Como educadora social comprometida coa diversidade, a inclusión e a loita contra o racismo, estou dedicada a promover un cambio social positivo, construír comunidades máis xustas e equitativas, e fortalecer a conciencia e a acción antirracista en todos os niveis da sociedade.

Se desexas coñecer máis sobre o meu traballo ou colaborar en proxectos relacionados coa diversidade, a inclusión e o antirracismo, estarei encantada de que contactes conmigo. Faime moi feliz seguir contribuíndo na construción dun mundo máis reparador e equitativo.

Certificado de participación incluído